

DECÁLOGO PARA ORGANIZAR UNHA MINIFEST NO TEU CENTRO

1 **FESTA PEQUENA**
Non teñas medo de comezar con algo sinxelo. Un evento máis pequeno pode ser o punto de partida perfecto para crecer en futuras edicións.

EQUIPO DIRECTIVO
O apoio da dirección é clave. Informa, motiva e busca a súa colaboración para garantir a viabilidade e a difusión da festa.

2

3 **BUSCA AXUDA**
Non fagas todo só. Contar co resto do profesorado, persoal do centro, alumnado e ata coas familias facilitará o proceso e achegará novas ideas.

MARCA UNHA DATA
Escolle unha data que sexa adecuada para o centro e que permita o tempo necesario para a preparación e a participación.

4

5 **DECIDE UN LUGAR**
Selecciona os espazos máis axeitados dentro do centro educativo

DECÁLOGO PARA ORGANIZAR UNHA MINIFEST NO TEU CENTRO

6 **DESEÑA O PROGRAMA**
Planifica un programa atractivo e diverso: festivais científicos, feiras de ciencia, concursos de robótica, charlas ou espectáculos.

DAR A COÑECER O EVENTO
Difunde a festa mediante cartelería, redes sociais, web do centro ou comunicados ás familias. Invita tamén a entidades locais, membros do Consello Escolar.

7

8 **INVITA AO PROFESORADO**
Anima ao resto do claustro a participar exhibindo proxectos, experimentos ou actividades realizadas na aula. Isto fomentará o orgullo e a motivación.

ESTABLECE COLABORACIÓNS
Contacta con universidades, empresas, museos ou asociacións científicas para enriquecer o programa e contar con apoio profesional.

9

10 **NOVAS INICIATIVAS**
Unha Festa da Ciencia pode ser o impulso para crear proxectos máis grandes no futuro.